



Concello de Ribeira de Piquín (Lugo)

Chao de Pousadoiro, s/n cp 27242 (LUGO) Teléfono 982 333 601 Fax: 982 333 735 NIF P2705300H

Mail: concello@ribeiradepiquin.es

D. Roberto Fernández Rico, Alcalde do Concello de Ribeira de Piquín, **INFORMA:**

IMPOSTO DE BENS INMOBLES (I.B.I.) URBANA

Recibimos información de que se están repartindo liquidacións de atrasos de 4 anos de I.B.I. urbana derivados da Regularización Catastral que se realizou en todos os Concellos (**CATASTRAZO**), derivados da modificación dos datos catastrais. Uns datos que estableceu a Xerencia Territorial do Catastro en base a unhas ponencias de valores que estimou o Ministerio de Economía e Facenda.

Despois de prestar apoio para as posibles reclamacións cando se recibiron as cartas da Regularización Catastral e tendo en conta o elevado número de modificacións e altas que deu Catastro, dende o Concello decidimos rebaixar a porcentaxe aplicada para o cálculo do I.B.I. xa no ano 2016, anticipándonos todo o posible á probable emisión destes atrasos que remite Catastro. No pleno celebrado o 28 de outubro de 2016, esta Alcaldía presentou unha proposta para modificar as porcentaxes de cálculo do I.B.I. **Rebaixouse o I.B.I. de urbana de 0,61% a 0,40% e o I.B.I. de rústica de 0,6% a 0,4%. Consérvanse as exencións para recibos de menos de 6€ e incluíuse na modificación un punto de bonificacións para explotacións gandeiras.**


Con estas medidas xa na anualidade 2017 se aplicaron as rebaixas aprobadas, sendo un dos poucos Concellos da provincia que se adiantou á posible emisión de atrasos. Aínda así, remiter atrasos de 4 anos do proceso de Regularización Catastral, que poden sumar importes elevados.

Por todo o exposto, recomendamos **REVISAR TODAS AS LIQUIDACIÓNS RECIBIDAS ANTES DE PAGALAS**, comprobando que as referencias catastrais que se notifican son as correctas e que os datos son todos correctos. Para isto, poñémonos dende o Concello a disposición de calquer veciño que necesite axuda ou aclaración para interpretar as liquidacións.

Para todas as consultas que necesiten realizar **póñanse en contacto co persoal municipal no 982.33.36.01 ou nas entidades municipais.**

Un saúdo para todos/as.

Ribeira de Piquín, a 18 de xuño de 2018.

O Alcalde,

Roberto Fernández Rico